

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

X. Xove Ferreiro (2009): “Sobre o uso de *cara a / cara* na norma galega”,
Estudos de Lingüística Galega 1, 247-254.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

Sobre o uso de *cara a* / *cara* na norma galega

Xosé Xove Ferreiro

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

Recibido o 15/10/2008. Aceptado o 10/11/2008

On the use of *cara a* / *cara* in standard Galician

Resumo

A partir da inclusión da locución prepositiva *cara a* nas *Normas* de 1982 houbo certa tendencia a mantela sempre, mesmo cando precedía adverbios de lugar. Con base no uso escrito e oral manifestado nos textos galegos incluídos no *TILG* examinamos o uso de *cara a* / *cara* no contexto mencionado. Os resultados, tanto da lingua escrita coma dos cancioneiros e transcricións da fala, indican con rotundidade que no período 1612-1984 a forma xeral é *cara* + adverbio de lugar e que, se a partir de 1985 comezan a observarse na escrita exemplos de *cara a* + adverbio de lugar (minoritarios en relación a *cara*), isto só pode deberse a unha aplicación ultracorreción da forma recollida nas *Normas* de 1982. A regra de uso de *cara* en lugar de *cara a* coincide en todo coa regra de ausencia de *a* no mesmo contexto sintáctico. Por outro lado, *cara a* convive con outras posibilidades de uso máis limitado, como *de cara a* e *(de) cara para*.

Palabras chave

Morfoloxía, sintaxe, locución prepositiva, preposición, adverbios de lugar, *cara a*, *cara*, *a*

Abstract

Following the inclusion of the prepositional expression *cara a* in the *Normas* of 1982, there has been a tendency to use it even preceding place adverbs. We look here at the use of *cara a* and *cara* in such positions, basing our study on their occurrences in writing and speech in the Galician texts in *TILG*. Our findings clearly show that, both in writing and in songs and transcriptions of oral use, the usual form during the period from 1612 to 1984 was *cara* + place adverb, and that although examples of *cara a* + place adverb, with a lower frequency than *cara*, do begin to appear in writing from 1985 onwards, this can only be due to ultracorrección based on the form given in the *Normas*. The rule for using *cara* rather than *cara a* parallels the rule for omitting *a* in the same syntactic environment in every respect. *Cara a* also coexists with other rarer options such as *de cara a* and *(de) cara para*.

Keywords

Morphology, syntax, prepositional expression, preposition, place adverbs, *cara a*, *cara*, *a*

1. Desde a primeira edición de 1982, as *Normas* inclúen *cara a* entre as “locucións prepositivas” (1982: § 18; 2003: § 19). Na mesma sección acóllense dobres formas e dobres opcións, como *cabo* e *cabo de*, *cas* e *cas de*, *conforme (a)*, mais, en relación a *cara a*, non se abre a posibilidade de empregar só *cara*. Debido a que só figura *cara a*, algúns chegaron a deducir, a partir de entón, que a “locución” era obrigada sempre, en todos os contextos. Agora ben, estas lecturas demasiado absolutas non teñen en conta que as *Normas* non son unha “gramática”; recoñecen e establecen formas boas, pero é habitual que non informen sobre significados, niveis de uso e restricións que afectan ao que se prescribe. No tocante a *cara a*, as *Normas* non podían optar por *cara (a)* ou *cara a / cara*, que serían entendidas como unha dobre posibilidade de escolla xeral. Mais que a preposición adopte normativamente a forma xeral de “locución” (*cara a*) non impide que o *a* desapareza en determinados contextos. As consideracións que seguen diríxense a examinar polo miúdo a existencia desta variación, en particular o emprego sintacticamente condicionado de *cara*.

2. As gramáticas e dicionarios publicados na segunda metade dos 80 do pasado século dentro do seguimento das *Normas* estableceron os usos básicos da locución *cara a* sen exemplificaren nin aludiren ao seu emprego con adverbios de lugar como *aquí*, *arriba*, etc¹. Tomados como textos “(case) normativos”, a partir deles foise estendendo a idea de que o uso da forma *cara a* carecía de restricións. Así, en Fernández Salgado (coord.) (1991: *cara, cara a*) advírtese, sen máis puntualizacións, sobre o erro de empregar *cara* en lugar de *cara a*, á vez que se recomenda non outorgarlle o valor de ‘finalidade’ (“**Cara ás* novas eleccións configuraron unha nova estratexia...”); mantense o mesmo, subliñando que se debe escribir sempre *cara a*, en Fernández Salgado (dir.) (2004). No dicionario da RAG / ILG dirixido por García González (1990: *cara*) dáse un paso máis, pois é novidade, respecto dos textos anteriores, a presenza dun exemplo de *cara a* seguido de adverbio de lugar: “*Mira cara a alá e veralo*”. *Recóllese o mesmo exemplo, sen cambios, no DRAG* (1997: *cara*).

A este contexto, coa preposición precedendo adverbio de lugar, préstase atención particular no dicionario coordinado por X. Xove (1995: *cara*). Baixo a acepción “7. En dirección a un lugar” sinala: “Cando seguen *aquí, aí, alí* e outros adv. como *atrás, adiante, arriba, abaixo* dise só *cara*, sen a prep. *a*: *Lévaos alí* ou *Lévaos cara alí* (e non **cara a alí*). *Lévaos arriba* ou *lévaos cara arriba* (e non **cara a arriba*)”. Isto mesmo reproducése en Xove (coord.) (2005), actualización do dicionario anterior.

A gramática Álvarez / Xove (2002: 634) tamén se refire a esta particularidade dentro do contexto xeral de que “en determinadas circunstancias, a preposición *a* esixida pola construción pode omitirse”:

A preposición *a*, como forma independente ou como segmento da locución prepositiva *cara a*, omítese ante os adverbios de lugar deícticos (*aquí, alí...*) ou que xa teñen aglutinada a preposición (*arriba, atrás...*):

Viñeron todos *alí*, a dárllle-lo pésame [pero “viñeron todos *á* casa”].

Eu xa me vou andando *cara alá* [pero “*cara a* Poio, *cara ó* Carballeño”].

Iván subiu *arriba*.

Marcharon todos *cara arriba*.

A auga sempre vai *cara abaixo*.

Hermida (2004: 191) maniféstase explicitamente en contra desta descrición e mantén que sempre existe locución *cara a*: “Polo que podemos detectar no uso oral, no que se escoita [karaa:’li], [’karaa:’tras], o común nestes casos é a aparición da locución na súa forma completa, polo que consideramos que se debe considerar errada a súa ausencia”.

¹ Vid. Álvarez / Monteagudo / Regueira (1986: 488) e *Dic. Xerais* (1986: *cara a*).

Esta posición a prol do emprego constante da forma *cara a* mencionada nas *Normas* manifesta apoiarse no uso dos falantes. Claro está, a percepción de cal é o uso dos falantes, fundamento que non está en causa, é diferente en Álvarez / Xove (2002). Cómpre, polo tanto, deixar á beira as competencias lingüísticas particulares e revisar os datos globais para examinar como se presenta a situación.

3. Para o exame de *cara a* non se pode contar co apoio que poderían prestar os datos medievais e os do portugués actual, dado que a locución non se rexistra nin no portugués nin na lingua da Idade Media².

Para o galego posmedieval servímonos, como fonte informativa, do enorme caudal de textos galegos acumulado na base de datos *TILG*. Son textos de todos os xéneros e tipos que, no momento en que se redactou a información sobre deles na base, ían desde 1612 a 2002.

En primeiro lugar fixemos o exame da forma que presenta a preposición nos textos escritos incluídos na base desde os inicios (1612) ata 1970. Con este límite temporal buscábamos limitar na medida do posible a ausencia de interferencias debidas ás prescricións normativas que comezaron a ter cada vez máis presenza a partir da década dos 70 (normas da RAG, manuais de galego do ILG...). Dentro dese marco temporal, entendemos que a escolla dos escritores se manifestou de xeito relativamente espontáneo. Os datos así parecen confirmalo.

No contexto en que a preposición non vai seguida de adverbio, o número de exemplos de *car(a)* e de *car(a) a* é curiosamente o mesmo, unha vez eliminados os repetidos: 1.043 veces a forma simple e outros tantos a locucional. É de advertir que no cómputo da locución *cara a* están incluídos só os exemplos que non ofrecen dúbidas de que esta é a forma da preposición; é posible que un certo número dos adxudicados á forma simple *cara* pertencen tamén a *cara a* debido a que as secuencias *cara a* e *cara o* (identificadas como *cara* + artigo no contexto) poden ser en realidade de *cara á* e *cara ó* (polo tanto de *cara a* + artigo), con ausencia, por unha ou outra razón, do til que indica a contracción. Outro contexto ás veces ambiguo é o dos topónimos e antropónimos, en que pode chegar a ser dubidoso se o <a> é artigo ou forma parte da preposición.

Tendo en conta as anteriores consideracións, os resultados son os seguintes:

- a) Cando segue unha palabra que non é artigo determinado nin comeza por vogal *a-* (*Berdoias, min, Europa, il, onde...*), 307v (o 57,8%) son de *car(a)* e 224v (o 42,2%) de *car(a) a*.
- b) O contexto de prep. + palabra (non artigo determinado) iniciada por vogal *a-* (*África, algo, aquel home...*) está pouco representado, con 17 ocorrencias de *car(a)* e 3 de *car(a) a*.
- c) Tampouco abundan os exemplos de prep. + *a* (artigo determinado) + palabra iniciada por vogal *a-* (*a alcoba...*): 15v *car(a)* e 15v *car(a) a*.
- d) O contexto de prep. + *a(s)* (artigo) + palabra non iniciada por vogal *a-* (*a praza, as leiras...*), ben documentado, ofrece *car(a)* no 45,7% das veces (282v) e *car(a) a* no 54,3% (335v).
- e) Finalmente, cando a continuación da preposición vén o art. *o(s)* (*o ceo, o agro, os astros...*), *car(a)* aparece no 47,6% (409v) e *car(a) a* no 52,4% (451v).

O reparto nestes cinco contextos diferenciados busca examinar se a secuencia fonética de varios <a> inflúe en que na escrita apareza *cara* en lugar de *cara a*. O resultado é que as características fónicas da palabra que segue á preposición non teñen particular relevancia no uso

² No corpus reunido no *TILG* e consultado en xuño de 2008 aparece só unha vez a preposición *cara* nunha cantiga de escarnio de Joan Servando ("tira[on] mui ben as pernas *cara* si"); corresponde á lectura crítica de Lapa do texto "as pernas arca sss" do CV 1029, de nada doada interpretación (nº 226 da edición de Lapa das *Cantigas d'escarnho e de mal dizer*).

de *cara* ou *cara a*. Domina *cara* sobre *cara a* no contexto (b) (17v/3v), mais no contexto (d), en que segue o artigo determinado feminino, domina *cara a* (335v por 282v *cara*), mesmo a pesar de que no contexto (a) a porcentaxe se inverte a favor de *cara* (307v/204v). Cando se chegan a xuntar catro <a> (*cara á alcoba*), como ocorre no contexto (c), os datos indican un equilibrio completo (15v de cada forma), sen mingua do uso da locución *cara a*. En definitiva, visto que non hai dominio claro de *cara* ou de *cara a*, non pode atribuírse ao contexto fónico a opción manifestada polo escritor en favor dunha ou outra forma.

Por outro lado, a variación entre *cara* e *cara a* tamén se observa nun mesmo autor, o que indica que non parte dun criterio nido e definido en relación coa forma da preposición. En Rosalía e Pondal só atopamos *cara a* (1v e 4v respectivamente); outros dan preferencia a *cara a* sobre *cara*, pero sen chegar ao uso exclusivo: Curros (11/1), Lamas (15/3), Leiras (3/1), Cabanillas (27/8) e Iglesia Alvariño (36/3); nalgúns equilíbranse os usos de *cara a* e *cara*: Pintos (4/3), Cunqueiro (4/3), e outros optan por *cara*: Castelao (9/41), Méndez Ferrín (1/9). No polo oposto a Pondal está Saco, que nos seus poemas só emprega *cara* (4v), polo demais de acordo co que escribe na gramática, onde só se refire a *cara* e dá o exemplo *Marchou cara Ourense* (1868: §§ 94 e 191).

4. O exame da forma que presenta a preposición con adverbios de lugar cómpre facelo tendo en conta o marco que acabamos de deseñar. No período contemplado, de 1612 a 1970, a base TILG rexistra un total de 189 exemplos; deles, 181 son de *cara* e 8 de *cara a*. Agora ben, estes 8 exemplos corresponden a *cara a fóra* (5v), *cara a dentro* (1v), *cara a baixo* (1v) e *cara a diante* (1v), é dicir, exemplos en que o adverbio vai sen *a*-. Respecto destes mesmos adverbios de base outros escritores optaron por incluír o <a> na forma adverbial (50v): *cara afora* (10v), *cara adentro* (9v), *cara abaixo* (17v) e *cara adiante* (14v). Esta é, con moito, a solución maioritaria, non só respecto da anterior, senón tamén dunha terceira posibilidade consistente en prescindir do <a> (21v): *cara fóra* (5v), *cara dentro* (5v), *cara baixo* (1v), *cara diante* (7v) e aínda *cara riba* (3v). Sobre este problema de cal debe ser a forma do adverbio (e, en consecuencia, tamén da preposición) volveremos máis adiante.

Fronte aos 8 rexistros do tipo *cara a fóra* contamos 181 en que a preposición é *cara*. Deles, 21 son do tipo *cara fóra* que acabamos de comentar e 150 corresponden a *cara* + adverbio iniciado por *a*-. aos 50 xa citados de *cara afora* / *adentro* / *abaixo* / *adiante*, hai que engadir outros 100 de *cara arriba* (26v) / *atrás* (39v) / *aquí* (5v) / *aí* (1v) / *alí* (13v) / *acá* e *acó* (3v) / *alá* e *aló* (11v) / *acólá* (2v). Restan aínda outros 10 rexistros de *cara* seguido dos adv. *embaixo* (1v) e *enriba* (5v), e das variantes *eiquí* (2v) e *eí* (2v).

En contraste co que ocorre nos outros contextos, en que *cara a* e *cara* se reparten ao 50%, os datos non deixan lugar a dúbidas de que a forma da preposición seguida de adverbio de lugar (mesmo non iniciado por *a*-) é *cara*, e que esta absoluta uniformidade só se rompe algo cando o adverbio carece do segmento inicial *a*- (*cara a fóra*, fronte a *cara afora*, *cara fóra*)³.

5. Esta unanimidade respecto de *cara* + adverbio de lugar mantense na lingua escrita ata o ano 1985, tres anos despois da publicación das *Normas* (1982), en que comezan a lerse exemplos do tipo *cara a adiante*. A orixe é, sen dúbida, a aplicación ultracorreción da norma de que en galego a preposición é *cara a*. O conxunto dos datos que nos ofrece o TILG nos textos comprendidos no período 1612-1984 (excluíndo os procedentes de gravacións da fala e de cancioneros, aos que nos referiremos despois) é o seguinte:

³ É de destacar como Valladares cambia *cara a* a *cara* ante adverbio de lugar no seu dicionario (1884): "CARA pr. Hacia, contra, frente, ó enfrente. Car'alí. Hacia allí, ó contra allí. Car'á min. Frente á mí." (DD: s.v. cara).

CARA A = 15v		CARA = 321v					
fóra	10	fóra	15	afora	17		
dentro/drento	3	dentro/drento	7	adentro/ adrento	14		
diante	1	diante	8	adiante	41		
baixo	1	baixo	4	abaixo	37	embaixo	1
		riba	5	arriba	48	enriba	13
		tras	1	atrás/ atras	61	detrás	1
				aquí	6	eiquí	2
				alí	13	elí	2
				aí	4		
				acá + acó	1+2		
				alá + aló	9+7		
				acolá	2		
	=15		=40		=262		=19

Táboa 1. Cara (a) + adv. de lugar (TILG 1612-1984)

Como pode observarse, ata 1985 o emprego de prep. + adverbio segue en todo o descrito para o período 1612-1970. Ante adverbio comezado por *a-* emprégase, sen excepción, *cara* (262v), o mesmo ca diante de variantes dialectais das anteriores (*eiquí, elí*) ou doutras formas con “preposición” soldada (*en-, de-: embaixo, enriba, detrás*), ben que as mostras correspondentes a estes tipo son escasas (19v). Só ante adverbios non precedidos de *a-, en-, de-* (particularmente *fóra, dentro*) se emprega *cara a* (15v), aínda que hai clara preferencia por *cara* (40v) ante ese mesmo conxunto de formas.

6. Tomando como data límite o ano 2000, a revisión dos datos do importante número de cancioneiros e transcrisións de gravacións da fala incluídos no TILG só nos proporciona 19 exemplos de *cara (a)* con adverbios de lugar (3v nos cancioneiros, 16v nas gravacións). Menos un, os máis (18 exs.) son todos de *cara*: 14v con adverbios comezados por *a-* (*arriba, atrás, adiante, adentro, aquí, alí, aló*) e 2v coa variante dialectal correspondente (*eiquí*); os outros 2 exs. son de *cara fóra, cara tras*, que presentan o problema xa aludido da propia forma do adverbio. É xustamente un adverbio deste tipo (*dentro/adentro*), que na transcrisión dun cancioneiro aparece como *car’adentro* (“entrou a nena pola porta car’adentro”), o que nun exemplo tomado da fala se reproduce como *cara a’dentro* (“collín así cara...cara a ‘dentro, e despois vinme... vinme apurao pra salir”); se o interpretamos, segundo dá a entender a transcrisión, como *cara a (a)dentro*, sería o único exemplo de *cara a* + adverbio de lugar *a-*.

7. A partir do ano 1985 comezan a multiplicarse os exemplos do tipo *cara a* + adverbio de lugar *a-* (*cara a abaixo*), sen dúbida coa pretensión de aplicar en sentido estrito as regras normativas. Con todo, mesmo tomando como base o período 1985-2000, son moi maioritarias as mostras do tipo *cara* + adverbio de lugar: 365v do tipo *cara abaixo* fronte a 228v do tipo *cara a abaixo*, isto é, o 61,5% fronte ao 38,5%.

8. O particular comportamento de *cara a* cos adverbios de lugar coincide co que manifesta a preposición *a*. O complemento circunstancial (CC) de lugar, no sentido de ‘dirección’, vai

marcado ou por *a* ou por outras preposicións: *Volveu á (para...) casa, Foi a (para...) Vigo...*, como o de 'localización' por *en* ou por outras preposicións: *Vive en Vigo...* Mais os adverbios de lugar indican 'lugar' por si mesmos tanto neste sentido de 'localización' (*Vive aquí, arriba, embaixo...*, sen prep. *en*) coma no de 'dirección' (*Volveu alí, Foi arriba, embaixo...*, sen prep. *a*). Por suposto, isto non impide que poidan ir acompañados doutras preposicións nun sentido ou noutro: *Vive por aquí, Foi para arriba, para embaixo...* Unha máis das preposicións que poden preceder estes adverbios, tamén con sentido xeral de 'dirección', é *cara a*, só que baixo a forma *cara*; o *a* da locución compórtase de xeito análogo á preposición *a*, é dicir, segundo nos din os datos de forma rotunda, non se emprega: *Volveu cara alí, Foi cara arriba, cara embaixo...*

Moitos dos adverbios de lugar recollidos polas *Normas* comezan por *a-*, que nalgúns casos pode recoñecerse como a preposición *a* soldada, visto que ademais alterna por veces con outras formas tamén recoñecibles como preposicións (*en-, de-*): *arriba / derriba / enriba, atrás / detrás*. No uso actual son unidades en que ese constituínte inicial carece do valor propio da preposición, de modo que os adverbios teñen o mesmo comportamento sintáctico con independencia do segmento inicial de que vaian precedidos: *Quedou arriba, derriba, enriba; Lévaos arriba, enriba; Caeu de arriba, de derriba, de enriba, Tráeo para arriba, para enriba...* É dicir, a ausencia da prep. *a* cando se empregan como CC de 'dirección' non se debe a que actualmente se entenda expresa no *a-* inicial (lémbrese que con este *a-* son tamén adverbios de 'localización en': *Está arriba*), pois a prep. *a* tampouco se usa con outros adverbios non iniciados por *a-* (*Foi detrás, enriba...*, no sentido de 'a, para'), os cales á súa vez non escusan a preposición que coincide co seu segmento inicial se o sentido así o require (*Vén de detrás*, fronte a *Vén detrás* que expresa 'localización', non 'orixe'). Por outro lado, o *a-* doutros adverbios de comportamento igual (*aquí, acó, alá...*) tampouco garda relación coa prep. *a*.

En definitiva, a regra de uso de *cara* en lugar de *cara a* coincide coa regra de ausencia de *a*: os adverbios que nunha construción de CC de 'dirección' (con ou sen movemento) non van precedidos de *a* usan como prep. *cara* e non *cara a*: *lévaos alí, cara alí; lévaos embaixo, cara embaixo...* Esta regra é de doada aplicación e fai escusado facer o inventario completo dos adverbios de lugar: *cara a* perde o *a* diante dun adverbio de lugar cando nese mesmo contexto non se emprega a preposición *a*. En calquera caso, a relación inclúe todos os adverbios de lugar que admiten a construción de CC e non se mencionan nas dúas seccións seguintes: *arriba, derriba, enriba, encima, abaixo, debaixo, embaixo, adiante, avante, atrás, detrás, cerca, preto, lonxe, aquí, al, alí, acó, acá, alá, aló, acolá*.

9. Non todas as formas incluídas entre os adverbios de lugar prescinden da prep. *a* ('dirección') ou mesmo da prep. *en* ('localización'). A forma adverbial *onde* incorpora o sentido de 'en' (*Está onde o deixaches*), pero non o de 'a' (*Vai a onde queiras*, que na fala é habitualmente [ˈɔnde]); *ningures* e *algures* precisan de ambas as preposicións: *Así non chegarás a ningures; En ningures se ve tal variedade de peixe fresco*. Con estes adverbios a preposición que nos ocupa mantén a forma de locución: *Mirou cara a onde saía a luz; Vén de ningures e vai cara a ningures*.

10. Hai dúas formas adverbiais, en certo modo paralelas a *arriba, abaixo...*, que as *Normas* só aceptan coa forma "simple" *fóra* e *dentro*; a elas súmase *diante*, que alterna con *adiante* (non se aceptan **afora, *adentro*). *Fóra, dentro* e *diante* expresan 'localización' sen preposición (*Está fóra, dentro, diante* –tamén *adiante*–), pero cando o sentido é de 'dirección' vacilan respecto do uso de *a*: *Lévaos (a) fóra, (a) dentro, (a) diante*. A ausencia de **afora, *adentro* non impide a existencia de *a fóra, a dentro* (e *a diante*), paralelas a *de fóra, por fóra, por diante...*

A mesma liberdade de opción que ocorre respecto do uso ou ausencia da prep. *a* comprobámola verbo do *a* de *cara* (*a*) na tradición escrita, que unhas veces mantén o *a* (grafando *cara afora/adentro* ou ben *cara a fora/a dentro*) e outras prescinde del (*cara fóra/dentro*). A preferencia pola primeira posibilidade é clara nos textos que van de 1612 a 1984: 10v *cara a fóra* e 17v *cara afora* (64,3% en total), fronte a 15v *cara fóra* (35,7%); 3v *cara a dentro* e 14v *cara*

adentro (70,8% en total), fronte a 7v *cara dentro* (29,2%). No período 1985-2000, vixente xa a sanción normativa *fóra, dentro*, a escolla a favor de *cara a fóra/dentro* é dominante: 47v *cara a fóra* e 4v *cara afóra* (75% en total), por 17v *cara fóra* (25% en total); 27v *cara a dentro* e 12v *cara adentro* (88,6% en total), por 5v *cara dentro* (11,4%)⁴.

En suma, o uso de *cara a* e de *cara* con estes adverbios coincide de novo co da prep. *a*, con liberdade de escolla, aínda que os datos indican unha preferencia xeral polo mantemento de *cara a*.

11. A omisión de *a* ante adverbios de lugar no canto da locución habitual non é unha particularidade do galego que careza de paralelismo noutras linguas. A *cara a* corresponde en catalán *cap a*, locución formada nesta lingua sobre “cabeza”; emprégase sempre *cap a*, salvo se vai seguida dun adverbio de lugar, pois neste contexto prescinde de *a*, coma en galego: *La humanitat s'adreça cap a això: la destrucció total; La Maria es va moure cap a ell; cap al barranc*, pero, en cambio: *Fes el banc cap aquí, cap allà, cap baix/dalt* (Solá 2002: § 11.7.1).

O portugués tamén presenta alternancia *até ~ até a*, pero aínda que ante os adverbios de lugar só usa *até*, o emprego de *até* e *até a* segue pautas moi diferentes ás de *cara a* e *cap a*.

12. Hai aínda outro aspecto de interese. Ás veces interprétanse as normas (morfolóxicas, léxicas...) de maneira excesivamente restritiva, no sentido de desbotar o que non aparece explicitamente mencionado. A sanción normativa implica escolla entre diversas posibilidades (*fóra*, non *afora*; *quizaís* e *quizabes*, non *quizá*, *quizás*, *cicais*, *cecais*...), mais non impón que queden automaticamente desbotadas outras unidades e formas non mencionadas que poden ser igualmente galegas e correctas dentro dos ámbitos de uso que lles correspondan. O inventario de preposicións e locucións prepositivas das *Normas*, por exemplo, non é absolutamente pechado: *camiño de* é unha locución prepositiva de uso habitual e correcto a pesar de non estar recollida nas *Normas* nin no *VOLGA* (que en cambio menciona a locución adverbial *de camiño*), e de aí a súa inclusión no *DRAG*: “CAMIÑO DE: En dirección a. *Pasaron camiño da ermida. Vou camiño da vila.*”

Estas observacións aplícanse a *cara a*, que convive con outras posibilidades de uso máis limitado, como *de cara a* e *(de) cara para*. É sobre todo importante, pola súa relativa frecuencia, *de cara a*: *lan collidos da man de cara á casa; Camiñaba co sachó ao lombo de cara á veiga; Turraba por min de cara á miña perdición; Un paso máis de cara á morte...* Locución paralela a *cara a* é *cara para* (raramente *de cara para*, que se emprega sobre todo con outro sentido); aínda que de baixa presenza nos textos escritos, mostra ben como a base *cara* non se limita a combinar só con *a*: *Viñemos vindo cara para a nosa vila; Colleu coma un foguete cara para as escaleiras; la cada vez con máis forza cara para o cura...*

13. Facemos notar, como observación final, que o emprego da variante *cara* en lugar de *cara a* foi examinado e descrito en sintagmas coa función de CC. Ante os mesmos adverbios de lugar, noutros contextos sintácticos, polo demais nada habituais, ocorren tanto a preposición *a* coma a locución *cara a*: *O camiño a alá / cara a alá é longo e arriscado; De aquí a alá / cara a alá...* Mantense, xa que logo, o paralelismo entre *a* e *cara a* e, polo tanto, a regra xeral de uso de *cara a / cara*: a locución *cara a* perde o *a* ante adverbios de lugar cando a preposición *a*, presente con outros sintagmas, desaparece ante os mesmos adverbios.

⁴ Debido á pretensión ultracorreción, xa comentada, de manter a locución *cara a* ben individualizada, mesmo se le un par de veces *cara a dentro* no tramo 1985-2000 do *TILG*.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez, Rosario / Henrique Monteagudo / Xosé Luís Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- DD = Santamarina, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. Versión 3. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- Dic. Xerais = Ares Vázquez, M^a Carme et al. (1986): *Diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.
- DRAG = García, Constantino / Manuel González González (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: RAG / Xerais / Galaxia.
- Fernández Salgado, Benigno (coord.) (1991): *Diccionario de dúbidas da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Salgado, Benigno (dir.) (2004): *Diccionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- García González, Constantino (dir.) (1990): *Diccionario da lingua galega*. Santiago de Compostela: Real Academia Galega, Seminario de Lexicografía.
- Hermida Gulías, Carme (2004): *Gramática práctica (Morfosintaxe)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Normas = Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG / ILG (1^a ed.: 1982).
- Saco Arce, Juan A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imp. de Soto y Freire.
- Solá, Joan et al. (dirs.) (2002): *Gramàtica del català contemporani*, vol. 2. *Sintaxi (1-16)*. Barcelona: Empúries.
- TILG = Santamarina, Antón (dir.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Imaxin (<http://www.ti.usc.es/tilg/>).
- TMILG = Varela Barreiro, Francisco Xavier (dir.): *Tesouro medieval informatizado da lingua galega*, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (<http://corpus.cirp.es/tmilg/>).
- VOLGA = González González, Manuel / Antón Santamarina Fernández (coords.) (2004): *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLGA)*. A Coruña: Real Academia Galega / Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega.
- Xove, Xosé (coord.) (1995): *Diccionario da lingua galega*. Vigo: Obradoiro / Santillana.
- Xove, Xosé (coord.) (2005): *Novo diccionario da lingua galega*. Vigo: Obradoiro / Santillana.